

PLAN DE IGUALDADE

IES Lois Peña Novo

ÍNDICE

- 1. Introducción.**
- 2. Contextualización normativa e do centro.**
- 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.**
- 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:**
 - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**
 - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**
 - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**
 - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.**
- 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**
 - 5.1. Organización do centro.**
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**
 - 5.3.. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**
- 6. Seguimento e avaliación.**

1. Introducción.

Podemos definir a igualdade como o principio que concede idénticos dereitos a todos os seres humanos.

Contextualizando a nivel normativo o tema que nos ocupa, a nivel estatal, o artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obrigación dos poderes públicos de promoveren as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A LOMLOE 3/2020 de 29 de decembro, un dos fins principais que persegue é a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

A igualdade constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita ás persoas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.

Coeducar ou educar en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantíndose o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia.

As persoas que exercemos a docencia, debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal de servizos, familias); igualdade que se constitúe nunha demanda social á que desde a escola debemos dar resposta.

Que todas as persoas sexan iguais quere dicir que teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e social, e que compartan as responsabilidades familiares, laborais e de

poder. Isto esixe tomar aquelas medidas que posibiliten que a igualdade formal se converta en igualdade real.

Por iso, o proceso de coeducación comeza na familia e na escola, sendo espazos de socialización desde os cales se compensan os desaxustes de orixe diversa, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden incidir no desenvolvemento da mocidade.

Non debemos esquecer que a igualdade non é a eliminación das diferenzas senón a ausencia de discriminación pola existencia desas diferenzas. Por todo iso pensamos que dende o noso centro queremos educar para a Igualdade, a Paz, a Cooperación e a Solidariedade. Se creamos oportunidades de igualdade, avanzaremos nunha sociedade máis igualitaria e menos violenta.

Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante, sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.

Tamén é preciso procurar formación en igualdade e a reflexión entre o profesorado sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das demais persoas que integran a comunidade educativa, para reverter toda situación discriminatoria que poida ter lugar neste ámbito.

Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén, que a transmisión dende a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas calidades e expectativas como “propias” de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso modificar.

Por outra parte é preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

2. Contextualización normativa e do centro. Fundamentos legais.

- Normativa estatal

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Normativa autonómica
 - Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
 - Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
 - Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
 - Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
 - Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Normativa específica de Educación para persoas adultas
 - Decreto 88/199, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación para persoas adultas
 - Orde do 20 de marzo de 2018, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo
 - Resolución do 7 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2023/2024
- Normativa específica de Formación Profesional
 - Real Decreto 1147/2011, do 29 de xullo, pola que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional
 - Decreto 114/2010, do 1 de xullo, de ordenación xeral da FP en Galicia
 - Orde do 12 de xullo de 2011, polo que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación do alumnado de FP.
 - Orde do 15 de xuño de 2016 polo que se regula o procedemento de admisión de FP.
 - Real Decreto 127/2014 pola que se regula a FP Básica.
 - Decreto 107/2014, pola que se regula a FP Básica en Galicia.
 - Orde do 13 de xullo de 2015 regula as ensinanzas,. Acceso e admisión da FP Básica en Galicia.
 - Resolución de 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola

que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia no curso 2023/2024.

O Plan de Igualdade do IES LOIS Peña Novo de Vilalba é un documento elaborado ao abeiro da instrución do 6 de setembro de 2019, para a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

O Plan de Igualdade formará parte do proxecto educativo como instrumento de traballo no que se establecerán actuacións, medidas e accións dirixidas a promover a igualdade no noso centro, integrando de maneira efectiva a igualdade en todos os ámbitos que afecten á vida cotiá do instituto, fomentando a modificación de actitudes, comportamentos e normas que poidan supoñer un obstáculo para a consecución da igualdade real.

Ten como obxectivo principal conseguir que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero, sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Queremos sinalar as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade e a non discriminación que xa figuran na documentación do centro con anterioridade:

As normas de organización e funcionamento do centro (NOFC) coas que tentamos fomentar e regular a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, como un instrumento o suficientemente flexible que permita a autonomía e liberdade de cada persoa sempre no marco de respecto e tolerancia para todos os membros da comunidade educativa.

Recóllense como obxectivo xerais:

- Fomentar o respecto mutuo, a tolerancia, a cooperación e o diálogo entre os membros da comunidade educativa.
- Consegue un trato de igualdade, sen actitudes discriminatorias, coas persoas de distinta raza, relixión, ideoloxía, condición física e socioeconómica, sexo ou opción sexual.

O Plan de acción tutorial (PAT) recolle entre os seus Obxectivos:

- Desenvolver habilidades sociais que favorezan a convivencia e o respecto entre o alumnado.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia.

No Plan de Convivencia recóllense entre os obxectivos específicos:

- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia

ANÁLISE DAFO

ANÁLISE INTERNO	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
Único centro educativo da zona onde se imparten ciclos de Grado Medio e Grado Superior, FPB, ensinanzas de adultos ESA, bacharelato modalidade Humanidades e ciencias sociais semipresencial (calquera mellora na igualdade verase reflectida na sociedade). Lévanse a cabo actividades puntuais que involucran a un pequeno número de profesorado e alumnado, así como axentes externos. O IES contempla actividades na liña de promoción da igualdade: Obradoiro “Educación afectivo-Sexual” QUEROTE+. Obradoiro Saúde e sexualidade. Colaboración cos Servizos Sociais do Concello na actividade do 25 de novembro: día internacional conta a violencia de xénero. Conmemoración do 8 de marzo. Estase levando a cabo unha revisión de toda a documentación do centro e a administrativa para actualizalos con respecto da normativa vixente e cunha linguaxe inclusiva.	Desequilibrio entre o número de mulleres e homes matriculados nos ciclos formativos (por exemplo, só hai 5 mulleres matriculadas nos ciclos de electromecánica de vehículos automóbiles, instalacións eléctricas e automáticas fronte a 85 homes). A maior parte do profesorado da familia profesional de transporte e mantemento de vehículos está constituído por homes; no ciclo de dependencia a maior parte, por mulleres; nos ciclos de informática, a maior parte son homes e nos de administración, a maior parte, mulleres; nas ensinanzas de bacharelato, ESA a maior parte son mulleres. Os dous conserxes do centro son homes. O servizo de limpeza do centro está composto por mulleres. A maioría dos materiais curriculares e contidos curriculares non contemplan a perspectiva de xénero. Non existe persoal formado en igualdade e liberado en horario. As actividades puntuais (25N, 8M..) non están sistematizadas, dependen da voluntariedade do profesorado.

<u>OPORTUNIDADES</u>	<u>AMEAZAS</u>
A existencia de lexislación estatal e autonómica en materia de muller e igualdade. Existen recursos externos que poden facilitar o desenvolvemento de actuacións. Existencia dun centro municipal de información á muller. Incremento progresivo do nivel educativo e formativo da muller.	Aínda que a normativa é clara na posta en práctica das medidas, depende exclusivamente da voluntariedade do profesorado involucrase nas accións, xa que non existe normativa que asigne recursos específicos (humanos, materiais nin temporais) ao desenvolvemento das accións. Os recortes orzamentarios. Desigualdade entre homes e mulleres no mercado de traballo (salarios, desemprego..) Escasa representación da muller en determinados traballos. Falta de apoio na política de conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Pervivencia na sociedade de comportamentos e condutas estereotipadas para cada xénero. A socialización diferenciada de homes e mulleres perpetúa os estereotipos de xénero.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- ✓ Sensibilizar á comunidade educativa, crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- ✓ Fomentar a oferta de actividades formativas nos ámbitos da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectivo-sexual.
- ✓ Fomentar unha orientación académica e profesional libre de estereotipos de xénero.
- ✓ Revisión, adaptación e actualización dos distintos recursos pedagóxicos e didácticos.
- ✓ Eliminar a linguaxe sexista nos documentos, nas aulas e nos distintos espazos do centro educativo

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- ✓ Promover accións formativas que preveñan a violencia de xénero.
- ✓ Reflexionar e concienciar sobre os indicadores de risco nas relacións de parella.
- ✓ Mostrar tolerancia cero ante calquera comportamento machista.
- ✓ Reflexionar e motivar o cambio de actitudes que promovan relacións de igualdade.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- ✓ Visibilizar a diversidade social.
- ✓ Coordinación cos axentes sociais como apoio e complemento. (solicitude de obradoiros Vagalume, Colectivo LGTBI.)
- ✓ Mostrar tolerancia cero ante calquera comportamento intolerante ante a diversidade afectivo-sexual.
- ✓ Fomentar o respecto e desenvolver actitudes e condutas tolerantes ante as diferenzas entre os sexos, as diversas orientacións e as identidade sexuais.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

- ✓ Promover accións que fomenten a tolerancia e o respecto co colectivo LGTB.
- ✓ Concienciar a toda a comunidade educativa para detectar e previr posibles casos.
- ✓ Promover a erradicación dos estereotipos sexistas e homófobos.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.
- Promover a formación do profesorado e do alumnado .
- Promover a formación das familias en materia de igualdade coa colaboración dos Servizos Sociais do concello.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Desenvolvemento da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente a cada xénero, as desigualdades de xénero, etc.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula (talleres sobre temáticas preocupantes, educación afectivo-sexual, adiccións, LGTBI, educación emocional).
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundirase información a través dun taboleiro no centro sobre igualdade/violencia de xénero/ diversidade LGTBI.
- Promoveranse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisarase a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Traballárase a prevención do acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado durante ao desenvolvemento do módulo de FCT como parte da prevención de riscos laborais.
- Promoverase a participación do sexo menos representado nas actividades científico -tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
- Velarase para que a información que se ofrezca ao alumnado de cara a súa realización vocacional estea libre de estereotipos de xénero.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promoverase o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promoveranse actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promoverase o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promoverase a corresponsabilidade na realización das tarefas.

6. Seguimento e avaliación.

O procedemento de avaliación do funcionamento do plan definirase a través de indicadores de medida e de instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos

ANEXO I : RECURSOS NA REDE

- Educación en igualdade. Xunta de Galicia

<https://igualdade.xunta.gal/gl/content/educacion-en-igualdade>

- Práctica docente con equidade de xénero. Unha guía de traballo

<https://mujeresconciencia.com/?s=practica+docente+con+equidad+de+genero>

- Materiais para traballar na aula. Educando en igualdade (FeSP-UGT)

<http://www.educandoenigualdad.com/>

- Guía de Literatura Infantil e Xuvenil para a igualdade. Xunta de Galicia

https://drive.google.com/file/d/1ix-U5_udmDkhwMcSz2tpo0H-fypRCJfl/view

- Guía de literatura Infantil e Xuvenil para a Igualdade II. Xunta de Galicia

https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/guiaa_de_igualdade_2020_web_compressed.pdf

- Lecturas coeducativas

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=32789&lang=es>

- Linguaxe non sexista. Xunta de Galicia

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/linguaxe-non-sexista#linguistico>

- Linguaxe non sexista en galego. Aplicación EXERIA.

<http://www.exeria.net/que.php>

- Linguaxe non sexista. Manual de estilo do DOG:

https://wikidog.xunta.gal/index.php/Linguaxe_non_sexista

- Linguaxe non sexista. Instituto de las Mujeres. Nombra en masculino y en femenino:

https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/educacion/publicaciones/serieLenguaje/docs/Nombra_en_red.pdf

- Mulleres en Galicia

<https://igualdade.xunta.gal/gl>

- Mulleres con ciencia

<https://mujeresconciencia.com/>

- Museos en femenino

<https://museosenfemenino.es/>

- Sexismo lingüístico.

https://www.rae.es/sites/default/files/Sexismo_linguistico_y_visibilidad_de_la_mujer_0.pdf